



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTATÍSTICA



PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN

2024

INFORME

Aprobado polo Consello Reitor do IGE, en cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística



RESUMO DE RESULTADOS

O obxectivo estratéxico do Plan anual de Actuación (PAA) é facilitar o funcionamento do Instituto Galego de Estatística (IGE), contribuír á execución do programa estatístico do mesmo ano e realizar tarefas exploratorias que poidan derivar en futuras estatísticas. Este obxectivo abrangue seis operativos, clasificados de nivel alto, medio ou baixo, segundo os seus graos de relevancia e impacto, e que no 2024 se concretaron en 22 actuacións.

https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s6/lexislacion/Orde_Plan_Anual_Actuacion_IGE_2024.pdf

OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nivel	Nº actuacións	Realizadas
OOP1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico	Alto	1	0
OOP2 Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias	Medio	2	2
OOP3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico	Baixo	5	5
OOP4. Apoiar o deseño e avaliación de políticas públicas	Medio	0	0
OOP5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio	Alto	4	4
OOP6. Reforzar a organización estatística e a colaboración institucional	Medio	10	9
Total		22	20

As actuacións non realizadas foron:

- OOP1. Concretar o contido das prácticas previstas na Resolución do 5 de xullo de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo para ingresar na escala superior de estatística.
- OOP6. Analizar os potenciais aproveitamentos estatísticos do Rexistro de axudas, subvencións e convenios, en colaboración coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

INDICADORES IGE 2024	Obxectivo	Resultado
Plan anual de actuación. Grao de execución	75%	89%
Programa estatístico anual. Grao de execución	95%	99%
Programa estatístico anual. Puntualidade na difusión	90%	98%
Programa estatístico anual. Oportunidade na difusión	12 meses	13 meses

O indicador de execución do PAA obtense considerando, para cada obxectivo operativo, o número de actuacións, o seu grado de realización e o nivel asociado ao obxectivo¹. Os resultados de seguimento das actividades do IGE no programa estatístico de 2024, pendentes de aprobar polo Consello Galego de Estatística, pódense consultar en:

https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=006018002002

¹ Os niveis codifícanse: nivel alto → nivel=3, nivel medio → nivel=2, nivel baixo → nivel=1

$$\frac{\sum_{OOP1}^{OOP6} (N^{\circ} \text{ act. realizadas completamente} * 1 * \text{nivel} + N^{\circ} \text{ act. realizadas parcialmente} * 0,5 * \text{nivel})}{\sum_{OOP1}^{OOP6} N^{\circ} \text{ act. programadas} * \text{nivel}} * 100$$



ANEXO I: DETALLE DOS OBXECTIVOS OPERATIVOS

OOP1A. Facilitar a coordinación do sistema estatístico

ACTUACIÓN 1: Concretar o contido das prácticas previstas na Resolución do 5 de xullo de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo para ingresar na escala superior de estatística.

RESULTADO: Non realizada

OOP2M. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias

ACTUACIÓN 2: Participar en congresos e xornadas.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 3: Xestionar os fondos da biblioteca do IGE.

RESULTADO: Realizada

OOP3B. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico

ACTUACIÓN 4: Impartir cursos na EGAP.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 5: Participar no XIV Concurso incubadora de sondaxes e experimentos.

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 6: Participar na XVII Feira matemática da AGAPEMA.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 7: Prácticas de estudantes das universidades galegas.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 8: Xornadas de portas abertas.

RESULTADO: Realizada

OOP5A. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio

ACTUACIÓN 9: Microsimulación de impactos do IRPF.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 10: Informe sobre a posición cíclica da economía galega.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 11: Participar no grupo de usuarios do QUEST da DG ECFIN.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 12: Informe semestral sobre o impacto dos fondos NextGeneration na economía galega utilizando QUEST3RD.

RESULTADO: Realizada

OOP6M. Reforzar a organización estatística e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público

ACTUACIÓN 13: Proceso selectivo para ingresar no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma, subgrupo A1, escala superior de estatística.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 14: Apoio á ATRIGA na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 15: Participar na estimación da recadación das principais figuras tributarias.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 16: Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais.



RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 17: Colaborar no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 18: Informe para AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 19: Axencias Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 20: Apoiar a avaliación dos programas operativos 2014-2020.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 21: Analizar os potenciais aproveitamento estatísticos do Rexistro de axudas, subvencións e convenios, en colaboración coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

RESULTADO: Non realizada

ACTUACIÓN 22: Participar en observatorios, comisións, consellos e outros órganos.

RESULTADO: Realizada

ANEXO II. DETALLE DAS ACTUACIÓNS

ACTUACIÓN 2: Participar en congresos e xornadas.

Cursos impartidos, publicacións e relatorios elaborados por persoal do IGE:

- Tratamento avanzado da información estatística empregando software libre R. Instituto de Economía Pública de Galicia. Maio 2024.
- Xornadas estatísticas INE-OCECA. Presentación dun relatorio sobre estimación das vivendas principais en Galicia. Maio 2024.
- Xornada sobre aproveitamento de información da web. Explotación de microdatos e outras ferramentas. Setembro 2024.
- X Xornadas de Análisis Input-Output. Sociedade Hispanoamericana de Análise Input-Output. Setembro 2024. Presentación dun relatorio sobre integración de información tributaria na elaboración do marco Input-Output.
- Mesa redonda sobre empregabilidade das persoas egresadas no mestrado de técnicas estatísticas. USC. Outubro 2024.
- XI Xornada de Usuarios de R en Galicia. Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide. Presentación dun relatorio sobre emprego de R para elaborar e visualizar a estatística de vivendas familiares principais ocupadas en Galicia. Outubro 2024.
- Xornada sobre violencia de xénero e discapacidade: diferentes miradas, unha misión común. USC. Presentación dun relatorio sobre a perspectiva do xénero na produción estatística. Outubro 2024.
- Xornada sobre elaboración de enquisas e a web do IGE. Facultade de Relacións Laborais e Recursos Humanos da USC. Novembro 2024.
- XII Xornada de Formación para elaborar proxectos de estatística. SGAPEIO. Mesa redonda sobre o proceso de valoración e selección de traballos premiados no concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos. Novembro 2024.



- Informe anual da cadea monte industria. Axencia Galega de Industria Forestal. Presentación dun relatorio sobre os primeiros resultados da análise sociodemográfica da mostra asociada ao inventario forestal continuo. Decembro 2024.

Cursos e xornadas con asistencia de persoal do IGE:

- Creación e xestión de bases de datos SQL. Universidade de Nebrija. Xaneiro-febreiro 2024.
- Curso de series temporais. INE. Febreiro 2024.
- Sesión técnica sobre as novas notas de prensa do INE. Marzo 2024.
- Curso superior en programación con microsoft visual basic. Universidade Católica de Murcia. Marzo-maio 2024.
- Curso de introdución a R. INE. Abril 2024.
- Análise espacial con R. INE. Abril 2024.
- Ferramentas de intelixencia artificial para un traballo eficiente. EGAP. Abril 2024
- Seminario sobre o sistema de difusión no INE. Abril 2024.
- Sesión técnica sobre a división de grandes empresas do INE. Abril 2024.
- Curso sobre axuste estacional e de calendario. INE. Abril 2024.
- Sesión informativa sobre estatísticas do mercado laboral. INE-OCECA. Abril 2024
- Curso superior de ciberseguridade. EGAP. Abril-maio 2024.
- Curso sobre deseños de mostras aplicados á produción de estatísticas oficiais. INE. Maio 2024.
- Sesión técnica sobre a Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia en fogares e centros. INE. Xuño 2024.
- Xornada sobre a situación actual da innovación na estatística oficial. INE. Xuño 2024.
- Curso de introdución a R. INE. Setembro 2024.
- Sesión informativa sobre o proxecto TSI do Grupo do Nodo de Interoperabilidade Estatística do CITE. INE. Setembro 2024.
- Administración dixital: automatización de procesos e robotización aplicada á xestión pública. Conceptos e casos prácticos. EGAP. Setembro-outubro 2024.
- Curso powershell. Universidade Católica de Murcia. Setembro-novembro 2024.
- Seminario de retos demográficos do século XXI. Instituto Canario de Estatística. Outubro 2024.
- Desagregación temporal e Benchmarking de series temporais. INE. Outubro 2024
- Sesión técnica sobre a aplicación de identificación automática de modelos para axustes de series temporais TEAM. INE. Outubro 2024.
- Administración dixital: introdución aos sistemas de análise de datos. Conceptos e casos prácticos. EGAP. Outubro 2024.
- Modelo de espazo de estados e a súa aplicación á produción estatística. INE. Novembro 2024.
- Xornada informativa sobre o estado do proxecto "Padrón on line". INE. Novembro 2024.
- Sesión técnica sobre os novos censos anuais de poboación. INE. Novembro 2024.



- Encontro entre produtores e usuarios das estatísticas do mercado laboral. INE. Novembro 2024.
- SIX corporativo orientado a persoal TIC. EGAP. Novembro 2024.
- A medición estatística da globalización. INE. Novembro-décembro 2024.
- Curso de administración de active directory MWS. Universidade Católica de Murcia. Decembro 2024.
- Introducción ás técnicas de Machine Learning para a produción de estatísticas oficiais. INE. Decembro 2024..

ACTUACIÓN 4: Cursos propostos e impartidos na EGAP.

- Tratamento avanzado da información estatística empregando software libre R. Instituto de Economía Pública de Galicia. Maio 2024.
- Introducción ás novas ferramentas de Big Data para analizar datos. EGAP. Maio-xuño 2024.
- A web do IGE: presentación da información dispoñible e das maneiras de acceso á mesma. Introducción ao software libre R. Xuño 2024.
- A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas. Outubro 2024.
- Curso básico de análise de datos con Tableau. EGAP. Novembro 2024.

ACTUACIÓN 7: Prácticas de estudantes universitarios .

No 2024 asináronse catro novos convenios coas universidades galegas e realizaron prácticas no IGE oito estudantes.

ACTUACIÓN 8: Xornadas de portas abertas.

No 2024 visitaron o IGE 324 estudantes e 25 profesores dos seguintes centros:

- IES de Ordes
- IES Antón Losada Diéguez. A Estrada
- IES Salvaterra de Miño. Salvaterra de Miño
- CFP Fontecarmoa. Vilagarcía de Arousa
- Colexio Compañía de María. Santiago de Compostela
- IES Antonio Fraguas. Santiago de Compostela
- IES de Arzúa
- IES de Soutomaior
- Colexio Diocesano San Lorenzo. Lugo
- CPI Cernadas de Castro. Lousame
- IES Eduardo Blanco Amor. Culleredo
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Santiago de Compostela
- IES de Ames
- IES de Fene

ANEXO III. NORMATIVA

- Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia



- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística
- Decreto 60/2023, do 28 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024
- Orde da Consellería de Facenda, do 28 de decembro de 2016, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2017
- Orde da Consellería de Facenda, do 29 de decembro de 2017, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2018
- Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2018, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2019
- Orde da Consellería de Facenda, do 27 de decembro de 2019, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2020
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 16 de novembro de 2020, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2021
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 30 de decembro de 2021, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2022
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 23 de xaneiro de 2023, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2023
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 28 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2024
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 27 de decembro de 2024, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2025

Orde da Consellería de Facenda e Administración pública, do 28 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2024

O Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), desenvolve as previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (en adiante LOFAXGA), en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (en adiante LEG) e co resto da normativa específica da Comunidade Autónoma na materia.

Segundo se ordena na LOFAXGA, os organismos autónomos desenvolverán a súa actividade consonte un Plan anual de actuación (en adiante PAA), que será aprobado por orde da consellería de adscrición. En aplicación da LEG e do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o IGE está adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública.

As tarefas encomendadas ao IGE no PAA sumaranse ás que se lle asignen no decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual (en adiante PEA) da Comunidade Autónoma para o mesmo ano, tal e como se prevé no artigo 9 da LEG.



O Consello Galego de Estatística, creado no artigo 45 da LEG como órgano superior consultivo da actividade estatística, e o Consello Reitor, previsto no artigo 63 da LOFAXGA como órgano superior de goberno do IGE, aprobarán os resultados da actividade anual do IGE, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

En canto aos recursos asignados para conseguir os obxectivos previstos, correspóndelle ao Consello Reitor aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

Con base en todo o anterior,

DISPOÑO

Artigo 1. Natureza xurídica e adscrición

O IGE é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública, creado na LEG e cuxo estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. O artigo 39 de LEG recolle as súas funcións como órgano que dirixe e coordina a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma.

Para cumprir estas funcións, que se concretarán nos plans plurianuais e nos programas estatísticos anuais establecidos nos artigos 6 ao 13 da LEG, cómpre dotar ao IGE dos recursos materiais e humanos necesarios e desenvolver unha serie de actuacións complementarias e de apoio das propiamente estatísticas. Ditas actuacións recóllense nos PAA previstos na LOFAXGA e no Estatuto do IGE.

Artigo 2. Obxecto

A presente orde ten por obxecto aprobar o PAA do IGE de 2024, mediante o establecemento das actuacións a desenvolver para apoiar e complementar ás que se lle encomendan no PEA 2024.

Artigo 3. Vixencia

O PAA 2024 estará vixente desde a data na que se dita esta orde ata o 31 de decembro de 2024. De ser o caso, prorrogarase de forma tácita ata a aprobación e entrada en vigor do seguinte.

Artigo 4. Obxectivos

I. Obxectivo estratéxico

O obxectivo estratéxico do PAA é de natureza instrumental, para facilitar o funcionamento do IGE como órgano central do sistema estatístico de Galicia e contribuír á consecución dos obxectivos contemplados no PEA do mesmo ano.

II. Obxectivos operativos

O obxectivo estratéxico concrétese nos seguintes operativos orientados a:

1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico galego (nivel alto).
2. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias (nivel medio).
3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico (nivel baixo).



4. Apoiar estatisticamente o deseño e avaliación de políticas públicas (nivel medio).
5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio (nivel alto).
6. Reforzar a organización do sistema estatístico e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público (nivel medio).

III. Actividades

O IGE, como soporte e complemento das actuacións estatísticas que se lle encomendan no PEA, realizará no 2024 as seguintes, agrupadas nos obxectivos operativos a satisfacer:

1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico galego.
 - Concreción do contido das prácticas previstas na Resolución do 5 de xullo de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso na escala superior de estatística
2. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias.
 - Participación en congresos e xornadas
 - Xestión de fondos da biblioteca do IGE
3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico.
 - Cursos impartidos na Escola Galega de Administración Pública
 - Colaboración coa Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións no XIV Concurso incubadora de sondaxes e experimentos
 - Participación na XVII Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática
 - Prácticas de estudantes das universidades galegas
 - Xornadas de portas abertas
5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio.
 - Microsimulación de impactos no IRPF
 - Informe sobre a posición cíclica da economía galega
 - Participación nas actividades do grupo de usuarios do QUEST da DG ECFIN
 - Informe semestral sobre o impacto dos fondos NextGeneration na economía galega utilizando o QUEST3RD
6. Reforzar a organización do sistema estatístico e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público.
 - Proceso selectivo para ingresar no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatística
 - Apoio á Axencia Tributaria de Galicia na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos
 - Participación na estimación da recadación das principais figuras tributarias da Comunidade Autónoma



- Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- Colaboración no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- Informe para a AIReF coas previsións macroeconómicas por incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas
- Apio á avaliación dos programas operativos 2014-2020
- Analizar os potenciais aproveitamentos estatísticos do Rexistro de axudas, subvencións e convenios, en colaboración coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
- Participación en observatorios, comisións, consellos e outros órganos

Artigo 5. Indicadores

Para seguir os obxectivos e resultados do PAA 2024, o Consello Reitor, por proposta da Dirección do IGE, aprobará un informe xeral anual das actuacións desenvolvidas nese marco, valorando os resultados obtidos e sinalando as deficiencias observadas.

Ademais de dar conta perante o Consello Reitor de cada actuación do PAA 2024, elaborárase un indicador global sobre a súa execución. A este indicador, dado o carácter instrumental do PAA, sumaranse os de seguimento do PEA 2024, que se recollen nun informe aprobado polo Consello Galego de Estatística. Os resultados do PAA 2024 medíranse entón cos seguintes indicadores:

INDICADOR	Valor por acadar no 2024
Grao de execución das actuacións do PAA 2024 (%)	75%
Grao de execución das estatísticas do IGE no PEA 2024 (%)	95%
Puntualidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA 2024 (%)	90%
Oportunidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA 2024 (meses)	12

Artigo 6. Recursos orzamentarios

Para realizar as actuacións do PAA e as que se lle encomendan no PEA, o IGE contará cos recursos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Nos de 2024 figuran os seguintes:



INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA	Orzamento 2024 (€)
1. Gastos de persoal	3.542.121
2. Gastos en bens correntes e servizos	366.096
Total gastos correntes	3.908.217
6. Investimentos reais	1.419.300
Total gastos de capital	1.419.300
Total	5.327.517

Artigo 7. Recursos persoais

No desenvolvemento da estrutura organizativa do IGE, regulada na sección III do capítulo II do anexo do seu Estatuto, na súa relación de postos de traballo, publicada como Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio) e modificada por Resolución do 23 de setembro de 2022 (DOG nº 189, do 4 de outubro) e Resolución do 27 de abril de 2023 (DOG nº 87, do 8 de maio), figuran 64 prazas:

INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA	nº prazas	nivel
Secretaría xeral	1	30
Subdirección	2	30
Xefatura de servizo	11	28
Xefatura de sección	19	25
Técnico/a facultativo/a superior	1	22
Posto base grupo A1	10	20
Programador/a	1	20
Técnico/a facultativo/a medio/a	2	18
Xefatura de negociado	4	18
Secretario/a dirección	1	18
Operador/a de ordenador	2	18
Subalterno/a	1	10
Titulado/a superior	1	grupo I
Enquisador/a	8	grupo III
Total	64	-

Santiago de Compostela
Miguel Corgos López-Prado
Conselleiro de Facenda e Administración Pública